



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral Técnica

galicia

MARTINA RIOS BELLO  
ASOCIACIÓN ¿POR QUÉ NO AYUDAR?  
R/ GAMBRINUS, 151, MÓDULO 0, NAVE 3  
15008 A CORUÑA

**Asunto:** Resolución de inscripción de constitución.

Con data 03/04/2017 recibíuse solicitude de inscripción de constitución da asociación no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, formulada por MARTINA RIOS BELLO no nome e representación da **ASOCIACIÓN ¿POR QUÉ NO AYUDAR?**, con domicilio en R/ GAMBRINUS, 151, MÓDULO 0, NAVE 3, 15008 A CORUÑA, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

**Primeiro.** Coa solicitude de inscripción presenta acta de constitución do 23/03/2017 xunto cos correspondentes estatutos, nos cales constan os fins da asociación e o ámbito territorial de actuación correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do previsto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir a constitución da **ASOCIACIÓN ¿POR QUÉ NO AYUDAR?** no Rexistro Central de Asociacións, correspondéndolle o núm. **2017/021462-1ª**, e depositar no rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Esta inscripción formalízase con carácter provisional e converterase en definitiva se no prazo de tres meses contados dende a recepción desta resolución, non se lle notificase ao interesado a incompatibilidade da súa denominación con outra previamente inscrita noutro rexistro.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO de conformidade coa proposta que antecede  
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

Vº e praxe:

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

José Ramon Pardo Cabarcos

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 16/05/2017 10:21:47

SAÍDA 55308 / RX 921446

